



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 12/2017

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E SEIS DE XULLO DE DOUS MIL DEZASETE.**

En Ordes, a vinte e seis de xullo de dous mil dezasete.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA M<sup>a</sup> SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- SILVIA MARÍN PEREIRO
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- LUCÍA IGLESIAS MIRÁS
- PABLO VIDAL RÍOS
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- LUIS CAAMAÑO FRAGA

Non asisten:

- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA.
- PAULA CASTENDA BLANCO

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás catorce horas e quince minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

**PUNTO PRIMEIRO: RESOLUCIÓN DA SOLICITUDE DE SUSPENSIÓN CAUTELAR DA EXECUCIÓN DO ACORDO PLENARIO DE 26 DE MAIO DE 2017, DERIVADO DA MOCIÓN DA CONCELEIRA NON ADSCRITA, BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL, DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS PARA O EXERCICIO 2018; INSTADA EN RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLOS CONCELEIROS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.**



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hoxe vamos a celebrar o pleno extraordinario solicitado polo grupo político UxO en relación cos recursos de reposición presentados polo grupo político PP contra os acordos do pleno do concello de data 26/05/2017, un sobre modificación de ordenanzas fiscais de impostos municipais e outro sobre criterios de tramitación de contratos menores. A orde do día deste primeiro pleno é a fixada polo grupo político UxO no seu escrito de solicitude de convocatoria deste pleno, que é o pronunciamento sobre a suspensión dos actos recorridos.

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente.

Visto o disposto no art. 117 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que o grupo político UxO solicitou unha convocatoria de pleno extraordinario, procedendo seguidamente á lectura do escrito de data 04/07/2017, rexistro de entrada nº 3738, de solicitude de convocatoria de pleno extraordinario, que di: “D. Manuel Regos Boquete, D<sup>a</sup>. Silvia Marín Pereiro, d. José Ramón Vázquez Raña, D. Roberto González Santos, D<sup>a</sup>. Lucía Iglesias Mirás e D. José Luís Gómez Candal, concelleiros do grupo político Unión por Ordes (UxO), expoñemos, 1. Que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, establece que: así mesmo, o pleno celebra sesión extraordinaria cando así o decida o Presidente ou o solicite a cuarta parte, polo menos, do número legal de membros da corporación. 2. Que o mesmo artigo 46.2 LBRL determina que ningún concelleiro poderá solicitar a celebración de máis de tres sesións extraordinarias cada ano. 3. Que os solicitantes da convocatoria deste pleno cumpren todos os requisitos establecidos na normativa legal citada. 4. Que os concelleiros do grupo político Partido Popular teñen interposto uns recursos de reposición contra diversos acordos adoptados polo Pleno da corporación municipal, en concreto, contra o acordo plenario de 26 de maio de 2017, derivado da moción da concelleira non adscrita Beatriz Martínez Candal, de modificación de ordenanzas fiscais para o exercicio 2018; e contra o acordo plenario de 26 de maio de 2017, derivado da moción dos concelleiros do grupo municipal de UxO, sobre a tramitación administrativas dos contratos menores. 5. Nos citados recursos, rexistrados no Concello, en data 26 de xuño de 2017, solicítase a suspensión cautelar da execución dos acordos plenarios impugnados. 6. O artigo 117.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, establece que a execución do acto impugnado entenderase suspendida se transcorrido un mes desde a solicitude de suspensión, o órgano a quen competa resolver o recurso non ditou resolución expresa desta solicitude. 7. Tendo en conta que o órgano competente para resolver a solicitude de suspensión dos acordos plenarios é o Pleno da corporación municipal, e que a seguinte sesión ordinaria do mesmo non terá lugar ata o vindeiro 28 de xullo de 2017, é dicir, unha vez transcorrido o prazo dun mes para ditar resolución expresa sobre a mesma, resulta imprescindible a convocatoria e celebración dun pleno extraordinario aos efectos de resolver as citadas solicitudes de suspensión de acordos plenarios. Por todo elo, solicitamos: Primeiro. A convocatoria dun pleno extraordinario nos termos legais anteriormente expostos. Segundo. A inclusión na orde do día desta sesión extraordinaria dos seguintes puntos: Primeiro: Resolución da solicitude de suspensión cautelar da execución do acordo plenario de 26 de maio de 2017, derivado da moción da concelleira non adscrita, Beatriz Martínez Candal, de modificación de ordenanzas fiscais para o exercicio 2018; instada en recurso de reposición interposto polos concelleiros do grupo municipal do Partido



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

Popular. Segundo: Resolución da solicitude de suspensión cautelar da execución do acordo plenario de 26 de maio de 2017, derivado da moción dos concelleiros do Grupo Municipal de Unión por Ordes (UxO), sobre a tramitación administrativa dos contratos menores; instada en recurso de reposición interposto polos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular". Con respecto á suspensión dicir dúas cousas, van a seguir ratificándose no que se acordou no pleno de maio de 26/05/2017. O seu criterio en canto á suspensión cautelar deste acordo plenario é o de votar en contra en tanto non se resolva o recurso. Considera que non concorren ningún dos requisitos para estimar dita suspensión cautelar por que entenden que os acordos que foron votados no pleno de 26/05/2017, son acordos legais e non incorren en ningunha ilegalidade, nin se lesiona o interese xeral. En segundo lugar por unha cuestión pragmática, para que se vai a estimar a suspensión cautelar do acordo se aproximadamente en corenta e cinco minutos este plenario sobre o fondo dos recursos de reposición. Para nos non ten sentido

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que van a cinguir o seu voto en concordancia co que levan pedindo os non adscritos que non é outra petición que unha promesa electoral incumplida por parte do goberno, polo que van a votar en contra da suspensión cautelar do acordo plenario.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que está a falar da modificación das ordenanzas fiscais. No ano 2015 tratouse neste pleno a modificación dunha serie de ordenanzas fiscais, entre elas o IBI. Naquel entón a proposta do goberno era baixar ao 0,58% o tipo impositivo do IBI, dende o BNG presentamos unha emenda para unha baixada ao 0,56 % que se conseguiu aprobar. No ano 2016 dado que a revisión dos valores catastrais que se levou a cabo no 2013 vai a provocar un aumento do valor catastral ata o ano 2023. Entendíamos que era convinte fixar para toda a lexislatura os tipos impositivos e non andar ano a ano modificando a ordenanza fiscal. En marzo de 2017 presentaron unha proposta para a fixación do tipo impositivo do IBI para toda a lexislatura que consistía basicamente en conxelar a suba da contribución. Medida que non afectaba aos recursos municipais, recadaríase menos, pero non afectaría á recadación dende o ano 2013, conseguiríase 20.000 euros máis. Obtiveron o voto en contra do goberno e abstención de UxO. En outubro de 2016 intentaron novamente esta proposta pero so para o ano 2017, tampouco foi posible, nin sequera se puido debater a moción ao votarse en contra da súa urxencia. Volvemos novamente este ano coa modificación da ordenanza do IBI, cuestión que podería estar solventada para toda a lexislatura, seguimos en pelexas novamente. Entendemos que esta é unha pelexa entre partidos da oposición e o goberno municipal, teñen aí a súa proposta, pídenlles que reflexionen. Isto vai a acabar nun pleito no xulgado que vai a enredar o asunto e mentres a veciñanza segue a sufrir subas do IBI. Hai unha proposta do BNG que é tecnicamente viable, non hai ningún informe técnico que diga que se pon en risco as arcas municipais. Xuridicamente é viable por que se insta ao alcalde a tramitar o expediente de modificación cos trámites oportunos. Aí o deixan sobre a mesa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que toda a defensa política e técnica dos recursos que interpuxeron, por que entenden que os acordos que se adoptaron o 26/05/2017 non se axustan a dereito o deixarán para o seguinte pleno. Pero dado que se vai a votar a suspensión é necesario por determinados antecedentes e situacións para non prolongar despois demasiado o seguinte pleno. O feito de que aínda non se teña cumprido esa rebaixa do 10% do tipo é por que aínda quedan dous anos e dúas propostas de modificación de ordenanzas fiscais que se someterán a un pleno e verase se ao longo dos catro anos se cumpre ou non esa parte do programa. Como defenden e seguirán a defender que estes acordos son nulos temos que analizar dende o punto de vista xurídico ata onde podemos chegar e de que maneira o podemos demostrar para que



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

despois non volvamos a estar con esta dinámica dentro duns meses ou incluso o ano que ven. O que suceda cos votos hoxe é o que determinará o que suceda nas vindeiras semanas. Isto non so sucede aquí, tamén en outros concellos por aí adiante. Vai a dar lectura íntegra a un informe da Deputación de Badajoz do ano 2016, onde se di o seguinte, "Asunto: Organización. Sobre tramitación de mociones que se presenten al Pleno por miembros de la Corporación Cuestiones conexas (209/ 16). Informe. I. Hechos Antecedentes.- Escrito del Sr. Alcalde del Ayuntamiento de XX sobre el asunto epigrafiado, manifestando que actualmente el gobierno Municipal de su Ayuntamiento, se encuentra en situación de minoría en la Corporación y ante la previsión de que se puedan plantear dudas sobre las propuestas, mociones o cualquier otra acción ante los órganos colegiados de gobierno, se interesa informe jurídico sobre el sistema de tramitación de las mociones que los distintos miembros corporativos puedan formular al Pleno y que particularmente se pronuncie sobre las siguientes cuestiones: 1. Si los miembros corporativos pueden presentar ante el Pleno cualquier tipo de mociones por razón de urgencia y los requisitos que debe reunir ésta para su tramitación. 2. Si los miembros corporativos pueden formular cualquier tipo de mociones ante el Pleno que versen sobre cualquier materia incluso aunque la competencia sobre la misma corresponda a otros órganos y si en este caso procede o no su tramitación. 3. Si cualquier miembro corporativos puede presentar iniciativas ante el pleno que en forma de moción puedan llevar aparejada la modificación del Presupuesto Municipal y, en su caso, que condiciones y requisitos debería reunir ésta. 4. Si puede someterse al conocimiento del Pleno Corporativo aquellas mociones que pueda formular cualquier concejal y que conlleve la adquisición de obligaciones o compromisos de gasto no previstos en el Presupuesto. 5. Si mediante mociones presentadas directamente ante el Pleno se puede formular la modificación de Ordenanzas Municipales reguladoras de tasas o tributos. II. Legislación Aplicable: RD 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales (ROF). Ley 30/92, de 26 de noviembre, sobre Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común (LRJPAC). Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales (TRLRHL).Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local (LRBRL). III. Fondo del Asunto.- Preliminar.- Para dar adecuada respuesta a las cuestiones planteadas, debemos partir del concepto de moción, conforme a lo dispuesto en el RD 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales (ROF). En concreto, los artículos. 91.4 y 97.3 ROF, puestos en relación nos indican que la moción es la propuesta que se somete directamente a conocimiento del Pleno al amparo de lo prevenido en el artículo 91.4 ROF. En las sesiones ordinarias, concluido el examen de los asuntos incluidos en el orden del día y antes de pasar a turno de ruegos y preguntas, el Presidente preguntará si algún grupo político desea someter a la consideración del Pleno por razones de urgencia algún asunto no comprendido en el orden del día que acompañaba a la convocatoria y que no tenga cabida en el punto de ruegos y preguntas. Si así fuera, el portavoz del grupo proponente justificará la urgencia de la moción y el Pleno votará, acto seguido, sobre la procedencia de su debate. Si el resultado de la votación fuera positivo, por mayoría absoluta, se seguirá el procedimiento previsto en el artículo. 93 y ss ROF. Así: "1. Si los miembros corporativos pueden presentar ante el Pleno cualquier tipo de mociones por razón de urgencia y los requisitos que debe reunir ésta para su tramitación." Entendemos que las mociones de urgencia son un supuesto excepcional de debatir y votar asuntos en el Pleno y requieren la motivación y justificación de la mencionada urgencia, la misma debe ser apreciada por el Pleno exigiendo dicha aprobación mayoría absoluta. No obstante, esta apreciación del Pleno no impide que pueda estar sujeta al control de los Tribunales, de tal forma que aunque el Pleno haya apreciado la urgencia, si se recurre a los Tribunales y estos aprecian que no



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

concurrer elementos de urgencia en el acuerdo, éste puede ser declarado nulo de pleno derecho. A este respecto, recordamos que el tratamiento de las mociones de urgencia es materia propia de regulación mediante reglamento orgánico municipal aprobado por mayoría absoluta de la Corporación, que ayude a racionalizar la utilización de las mismas. "2. Si los miembros corporativos pueden formular cualquier tipo de mociones ante el Pleno que versen sobre cualquier materia incluso aunque la competencia sobre la misma corresponda a otros órganos y si en este caso procede o no su tramitación.". Para resolver esta cuestión y amén de lo señalado anteriormente, nos sirve de fundamentación lo señalado en la Sentencia del TS de 17 de febrero de 2004, en la cual se razona lo siguiente: "...si bien es cierto que la declaración de urgencia de una moción corresponde al Pleno, como la Sala de Instancia refiere y prescribe el artículo 97.3 del Reglamento de Organización y Funcionamiento de las Corporaciones Locales, sin embargo el que el Pleno haya declarado la urgencia de las mociones ello no impide el que se pueda y deba analizar si el contenido de las mismas es o no competencia del Pleno, o del Alcalde, pues si la competencia para las mismas está atribuida al Alcalde, no se podían ni se pueden en Pleno analizar tales mociones, aunque hayan sido declaradas urgentes, pues la posibilidad de las mociones de urgencia a que se refiere el artículo 97 citado lo son sólo y exclusivamente para aquellas cuestiones que sean de la competencia del Pleno y por tanto no se pueden utilizar para privar al Alcalde de sus competencias. Por último se ha de señalar también, que si bien es cierto, como la Sala de Instancia refiere, que la declaración de urgencia corresponde al Pleno y a esa valoración al menos en principio, se ha de estar, pues así lo prevé la norma, no hay que olvidar que ello no autoriza a que por la vía de declaración de urgencia, se trate de alterar el régimen de competencias establecido en las normas sobre el régimen local, ni a que se traten asuntos, que, o no son urgentes, o que exijan unos trámites previos; informes que impidan el que los Concejales conozcan los asuntos y puedan emitir fundadamente su opinión, como esta Sala ha declarado, entre otras en sentencias de 15 de septiembre de 1987, 9 de mayo de 1995, 1 de marzo de 2000, 25 de marzo de 2003 y 1 de abril de 2003, por lo que la declaración de urgencia puede ser revisada, en los términos más atrás citados, reconociendo obviamente al Pleno el derecho, a declararla, siempre que se trate de competencias del Pleno, se haga la justificación oportuna, no se impida o afecte el derecho de los Concejales a conocer y tener los datos suficientes para emitir su voto, y, tratarse de asunto que, se pueda, cuando menos objetivamente, estimar que eso puede ser urgente, como acontece en el supuesto de autos, dada la naturaleza y contenido de las mociones presentadas y dado, que además de no existir Comisiones Informativas, como se alega y no se ha desvirtuado, los Plenos no se celebraban con la asiduidad exigida, lo que justificó además la moción sobre la celebración mensual de los Plenos que no ha resultado ni siquiera cuestionada.". En análogos términos se expresa la Sentencia del TSJ de Cataluña de 29 de abril de 2002, donde se considera que: "...es el Pleno el llamado a decidir sobre la procedencia o no de la admisión de las mociones presentadas por el Grupo Municipal recurrente, resolviendo, en su caso, sobre el fondo de las mismas. En tercer lugar, porque tanto la Ley Municipal y de Régimen Local de Cataluña como el Reglamento Orgánico Municipal claramente establecen la necesidad de incluir las proposiciones y mociones que, con exposición de motivos y propuesta de resolución, sean presentadas por escrito antes del Pleno. (...). Con lo dicho no se trata de cuestionar la facultad del Alcalde para fijar el orden del día, pero si que la discrecionalidad de la que goza sea absoluta, sino más bien relativa cuando se trata de asuntos relativos al control de los órganos de las Corporaciones locales en los que viene obligado a incluirlos en el orden del día, correspondiendo al Pleno decidir el tratamiento que debe darse a los mismos". En definitiva y en cuanto al elemento objetivo de la moción, tal y como se ha indicado una vez aprobada la urgencia, la moción requiere que no trate de alterar el régimen de competencias establecido en las normas sobre el régimen local, de tal modo que sería inadmisibles que dicha moción conlleve la aprobación de una decisión que ha de ser tomada en la sede de otro órgano, como sería el



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

Alcalde o, por delegación del mismo, de los propios Concejales o la Junta de Gobierno Local si existiere, ni que se traten asuntos, que, o no son urgentes, o que exijan unos trámites previos (informes, dictámenes de Comisión, publicación ....) que permitan el que los Concejales conozcan los asuntos y puedan emitir fundadamente su opinión, pues en otro caso el acuerdo que se adoptase incurriría en causa de nulidad de pleno derecho, ex artículo. 62.1.b) de la Ley 30/92, de 26 de noviembre, sobre Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común (LRJPAC), al haber sido dictado por órgano manifiestamente incompetente por razón de la materia o en virtud de la causa e) del mismo apartado y precepto, al haberse dictado aquel prescindiendo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido."3. Si cualquier miembro corporativo puede presentar iniciativas ante el pleno que en forma de moción puedan llevar aparejada la modificación del Presupuesto Municipal y, en su caso, que condiciones y requisitos debería reunir ésta.". Entendemos que, en base al juego de las mayorías, un grupo municipal puede perfectamente plantear una propuesta de resolución en la que inste la tramitación de expedientes administrativos (como modificaciones presupuestarias o de las bases de ejecución del presupuesto ), y decimos instar, ya que resulta claro, que los grupos municipales de la oposición, en función de si un expediente administrativo esté concluido o no, pueden hacer valer el sentido de su voto o modificar un determinado acuerdo, pero no obviar mediante dicha técnica la debida tramitación del pertinente expediente administrativo. Quiere esto decir que la oposición puede ostentar la potestad para tramitar expedientes administrativos, pero ello depende de varios factores: 1º. Pueden modificar expedientes que van a Pleno, concluidos, que se debaten en el Pleno, en base al juego de mayorías, por medio de enmiendas (artículo 97 ROF), siempre y cuando dicha enmienda no vaya en contra de las previsiones de los informes técnicos obrantes, o simplemente mediante el cómputo de los votos. 2º. Mediante mociones en un Pleno ordinario (o mediante la convocatoria de un Pleno extraordinario según el artículo 46 Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local (LRBRL) si la moción no enerva la atribución de otro órgano y si el expediente está concluido a los efectos del ROF (es decir, que consten los debidos informes para poder pronunciarse al respecto, ya que, por ejemplo, un grupo municipal no puede pretender aprobar vía moción el Plan General del municipio sin que consten los informes jurídicos, técnicos, sectoriales, ...etc.). En ese sentido, resulta obvio que el Presupuesto General de la Entidad Local (con sus bases de ejecución) no puede ser aprobado ni obviamente modificado, por medio de una moción, ya que no obrarían los informes preceptivos (de Intervención, por ejemplo)." 4. Si puede someterse al conocimiento del Pleno Corporativo aquellas mociones que pueda formular cualquier concejal y que conlleve la adquisición de obligaciones o compromisos de gasto no previstos en el Presupuesto.". Entendemos que no, pues si dichas mociones conllevaran la adquisición de obligaciones o compromisos de gasto no previstos en el Presupuesto, incurrirían en un supuesto de nulidad (artículo 62 LRJPAC) en relación con el apartado 5º del artículo 173 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales (TRLRHL) al disponer que: "No podrán adquirirse compromisos de gastos por cuantía superior al importe de los créditos autorizados en los estados de gastos, siendo nulos de pleno derecho los acuerdos, resoluciones y actos administrativos que infrinjan la expresada norma, sin perjuicio de las responsabilidades a que haya lugar" y además en este caso, debería el Interventor municipal efectuar el correspondiente reparo conforme a lo dispuesto en el artículo 214 (TRLRHL), que al concretar la función interventora dispone que tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las Entidades Locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso. De este modo, el ejercicio de la expresada función debe comprender tanto la intervención crítica o previa del acto en cuestión, como en su caso, la intervención formal y material de su pago y así, concreta tal actuación interventora el artículo 216 del TRLRHL, al disponer: "1. Si en el ejercicio de la función interventora el órgano interventor se manifestara en desacuerdo con el fondo o con la forma, deberá formular sus reparos por escrito antes de su aprobación. Cuando la disconformidad se refiera al reconocimiento o liquidación de derechos a favor de las entidades locales o sus organismos autónomos, la oposición se formalizará en nota de reparo que, en ningún caso, suspenderá la tramitación del expediente. 2. Si el reparo afecta a la disposición de gastos, reconocimiento de obligaciones u ordenación de pagos, se suspenderá la tramitación del expediente hasta que aquél sea solventado en los siguientes casos: a) Cuando se base en la insuficiencia de crédito o el propuesto no sea adecuado. b) Cuando no hubieran sido fiscalizados los actos que dieron origen a las órdenes de pago. c) En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciales. d) Cuando el reparo derive de comprobaciones materiales de obras, suministros, adquisiciones y servicios.". Pues a estos efectos indica el artículo 188 del mismo TRLRHL, que: "Los ordenadores de gastos y de pagos, en todo caso, y los interventores de las entidades locales, cuando no adviertan por escrito su improcedencia, serán personalmente responsables de todo gasto que autoricen y de toda obligación que reconozcan, liquiden o paguen sin crédito suficiente.". "5. Si mediante mociones presentadas directamente ante el Pleno se puede formular la modificación de Ordenanzas Municipales reguladoras de tasas o tributos.". Entendemos que no y que habría de estarse a lo señalado anteriormente en la respuesta a la tercera de las cuestiones, en cuanto lo que si podría la Moción es instar el inicio del correspondiente expediente de modificación y/o establecimiento y ordenación de tasas, pero para ello deberá seguirse a posteriori del acuerdo municipal que de la aprobación de la moción resulte, la tramitación prevista en los artículos. 15 y ss de TRLRHL. IV. Conclusión.- 1ª. La adopción de acuerdos válidos mediante la presentación de mociones está condicionada a su contenido, de tal forma que no pueden alterar el régimen competencial de los órganos municipales o adoptarse prescindiendo del procedimiento previo legalmente establecido. 2ª. La aprobación mediante moción de acuerdos que requieren previo procedimiento como la modificación presupuestaria o de la ordenanza fiscal, necesitan de la emisión de informes previos y trámites oportunos como puede ser el de información pública. 3ª. Para evitar la nulidad de los acuerdos adoptados mediante presentación de moción por órgano incompetente u omisión del procedimiento legalmente establecido, las mociones suelen presentarse con una redacción de solicitud o instancia al órgano competente para que previa la tramitación oportuna adopte un acuerdo vinculado a la moción presentada". Este é o informe da Deputación de Badajoz que cree é bastante clarificador do que sucede noutros concellos onde tamén se atopan gobernos en minoría con situacións como as que se plantexaron o 26/05/2017. No recurso de reposición presentado se solicita a suspensión da execución do acto administrativo impugnado entendendo que a súa execución producirá danos de imposible ou difícil reparación e ademais por fundamentarse na concorrencia dunha causa de nulidade do art. 47.1.e) da Lei 39/2015. No informe dos técnicos municipais, non epígrafe terceiro sinalase que o art. 117, suspensión da execución, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, establece "1. A interposición de calquera recurso, excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado. 2. Non obstante o disposto no apartado anterior, o órgano a quen compete resolver o recurso, previa ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión e o ocasionado ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido, poderá suspender, de oficio ou a solicitude do recorrente, a execución do acto impugnado cando concorran algunha das seguintes circunstancias: a) Que a execución puidese causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

b) Que a impugnación se fundamente nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 47.1 desta Lei”. As cales están reproducidas nos informes dos técnicos municipais que obran no seu poder. A maiores o informe dos técnicos, sinala que: tendo en conta todo o sinalado anteriormente, procede que polo pleno do Concello se adopte o acordo seguinte: Suspende a execución do acordo do pleno do Concello, de data 26/05/2017, cuxa parte dispositiva di: “1- Modificar de cara ao ano 2018 a ordenanza fiscal nº 3, reguladora do Imposto sobre vehículos de Tracción Mecánica do Concello de Ordes, o seu artigo 4º (Cota tributaria), que pasará a ter a redacción que se recolle no texto da moción. 2- Modificar de cara ao ano 2018 a ordenanza fiscal nº 1, reguladora do Imposto sobre bens inmoables, o seu artigo 11º (Tipo impositivo), que pasará a ter a redacción que se recolle no texto da moción. 3- Modificar de cara ao ano 2018 a ordenanza fiscal nº 1, reguladora do Imposto sobre bens inmoables, o seu artigo 12º (Bonificacións), engadindo un novo apartado coa se redacción que se recolle no texto da moción. 4- Modificar da cara ao ano 2018 a ordenanza fiscal nº 2, reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas, o seu artigo 2º (Coeficientes de ponderación), que pasará a ter a redacción que se recolle no texto da moción”. No día de hoxe recibimos tamén un informe da Deputación de A Coruña sobre este mesmo aspecto, que di en relación coa parte de modificación de ordenanzas fiscais: “Informe sobre procedimientto para la modificación de ordenanzas fiscales y competencia para establecer trámites en contratos menores. El Letrado-Adjunto de la Asesoría Jurídica da la Excma. Diputación Provincial de A Coruña, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 4 del Reglamento de Asistencia y, a petición del Ayuntamiento de Ordes en relación con el asunto referido, emite el siguiente, Informe. 1.- Antecedentes. El Sr. Alcalde del Ayuntamiento Ordes, remitió a esta Asesoría Jurídica, escrito de solicitud del presente informe, poniendo de manifiesto lo siguiente: 1º. A través de una "moción" escrita, de una concejal del grupo de no adscritos somete al Pleno la aprobación de una modificación de las ordenanzas fiscales (IVTM, IBI e IAE), proponiendo un texto distinto al vigente, con nuevas cuantías que tendrían una importante repercusión en los ingresos previstos. Pese al informe desfavorable emitido conjuntamente por la Secretaría e Intervención municipales, poniendo de manifiesto la incompetencia del Pleno para la iniciativa de la modificación, así como la vulneración del procedimiento legalmente establecido, el Pleno de 26.05.2017, aprobó la moción acordando modificar las Ordenanzas fiscales con la nueva redacción contenida en el texto da la moción. Este acuerdo fue recurrido en reposición por un grupo municipal. 2º. Asimismo, a través de una nueva "moción" escrita, una concejal de otro grupo municipal somete al Pleno la aprobación de una tramitación administrativa determinada para los contratos menores, que recoge en el texto de la moción. Pese al informe desfavorable emitido por la Secretaría municipal, poniendo de manifiesto la incompetencia del Pleno para fijar criterios de tramitación de expedientes de contratos menores por no ser en éstos el órgano de contratación, el Pleno de 26.05.2017, aprobó la moción acordando aprobar la tramitación administrativa propuesta en la moción para los contratos menores. Este acuerdo fue recurrido en reposición por un grupo municipal. 2.- Cuestiones que se plantean. Ante esta situación, el Sr. Alcalde solicita: “Co obxecto de clarificar as materias sobre as que os grupos políticos poden presentar mocions, e en particular no marco das competencias que o art. 36. 1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril solicito que o polo Servizo de Asistencia a Municipios se emita informe xurídico sobre a cuestión seguinte: • Posibilidade de que os grupos políticos os concelleiros poidan someter á consideración do pleno mocions por razóns de urxencia para a modificación de ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos municipais. • Posibilidade de que os grupos políticos ou concelleiros poidan someter á consideración do pleno mocions por razóns de urxencia sobre materias que son competencias de outros órganos municipais, e en particular en materia de contratación menor”. 2.1.- Respecto a la posibilidad de modificar ordenanzas fiscales por vía de "moción". Compartimos íntegramente el contenido del informe conjunto emitido por la





## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

Secretaría e Intervención municipais. La "moción" se define en el art. 97 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales -ROF-, como la propuesta que, por razones de urgencia y no estando comprendido el asunto en el orden del día de la sesión ordinaria convocada, se somete directamente a conocimiento del Pleno, pudiendo formularse por escrito u oralmente. Para que el Pleno pueda aprobar una moción son requisitos ineludibles, por un lado, que se haya seguido el procedimiento legalmente establecido y, por otro lado, que se trate de una materia de su competencia. El procedimiento para la aprobación de Ordenanzas Fiscales se recoge en el art. 17 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales -TRLHL-, que incluye una aprobación provisional, un trámite de información pública y una aprobación definitiva. Si la modificación de la Ordenanza no se tramita de este modo, se vulnerará el procedimiento legalmente establecido, dando ello lugar a la nulidad de pleno derecho prevista en el art. 47.1.e) de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas -LPACAP- Consecuentemente, no pueden someterse a consideración del Pleno, mediante "moción", acuerdos que requieran la celebración previa de unos trámites que integran el procedimiento legalmente establecido, como es el caso de las Ordenanzas fiscales municipales. Conclusiones. Primera.- No pueden someterse a consideración del Pleno, mediante "moción", acuerdos que requieran la celebración previa de unos trámites que integran el procedimiento legalmente establecido, como es el caso de las Ordenanzas fiscales municipales".

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que sen entrar no contido das mocións. O Sr. Alcalde fai referencia que esta foi unha moción que se tratou polo trámite de urgencia. A moción foi rexistrada pola Sra. Martínez Candal o 6 de maio e houbo un informe de Secretaría e Intervención sobre este asunto do 12 de maio. Se se houbese querido podería ter sido incorporada á orde do día do pleno ordinario do mes de maio. Contra eses recursos do PP presentamos unhas alegacións. Claro que hai informes, pero vostede tiña un informe en contra no pleno de 1 de marzo e a pesares do informe en contra do Secretario vostede decidiu tomar as decisións legais pertinentes. Creen que non están a cometer ningunha ilegalidade por que entendemos que non estamos indo en contra de ningún deses requisitos para poder estimar esa suspensión cautelar, polo que se ratifican tanto no contido da moción plantexada para a baixada de impostos que sería algo necesario para os nosos veciños, non se lesiona o interese xeral, nin se incorre en ningún tipo de ilegalidade. O pleno conformado por dezasete concelleiros e cun goberno en clara minoría e o lugar adecuado para debater esta serie de asuntos que son de vital importancia.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que segue vostede a amosar unha actitude covarde cando antepón unha decisión de ámbito político e non de ámbito técnico como é a baixada de impostos que vostede mesmo prometeu durante a campaña electoral. Escondese detrás dos funcionarios para intentar que os ordenses non poidan ver a baixada de impostos non é unha postura firme. Sabe que postura toma vostede a de onde dixen digo diego. Con todos os argumentos que aquí se expuxeron como a taxa de desemprego, a xurisprudencia existente, como a realidade de que hai que comezar a competir con outros concellos para atraer inversores, todos se lle fixeron pouco. Ademais o Presidente da Xunta con



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

o Conselleiro Francisco Conde veñen demandando medidas deste tipo para facer de Galicia un lugar atractivo para empresas e facer fronte a marcha de inversións millonarias ao país veciño como é Portugal. Aínda con todos os argumentos en contra, vostede decidiu coma sempre recorrer un acordo plenario que resulta beneficioso para todos os ordenses. Segue vostede na mesma senda poñéndose aí detrás dos funcionarios como o máis auténtico covardica. A súa obriga é mirar polos ordenses e deixarse de pelexar infrutuosamente en contra dos acordos plenarios.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que o que se pretende é aliviar a carga contributiva do IBI sobre a veciñanza a proposta existe dende o ano 2016, pretendéndose que se establece para a toda a lexislatura evitando plenos para baixar o tipo impositivo, non se quixo. Hai unha proposta que se aprobou polos grupos lexitimamente en pleno, naquel entón se abstiveron por que pensan que a súa proposta é tecnicamente, xuridicamente, económica e socialmente viable. Ao seu modo de entender polo que lle teñen exposto os técnicos municipais noutras propostas que teñen traído a este pleno entenden que había que instar ao alcalde a que leve a cabo a modificación desas ordenanzas fiscais. No 2016 fixeron un estudo para regular os tipos impositivos ata o 2019, despois mantiveron unha reunión co interventor onde clarexamos os datos económicos do concello chegando a outro tipo de proposta ata o 2019 cun tipo do 0,51 %. A teñen en riba da mesa. Se o que se quere é a conxelación da suba da contribución da veciñanza é moi fácil, levar a cabo esa iniciativa, se non vamos a acabar en tribunais co lenta que vai a xustiza, mentres seguira subindo a contribución ata que se resolva esta cuestión. Reflexionen seriamente. Non van a entrar nesta guerra, toda a cuestión está clara.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a Sra. Marín Pereiro recórdalle unha vez máis ese pleno de 1 de marzo falou co secretario para coñecer o seu posicionamento e trouxo un informe que avala a súa proposta. Non ve que UxO traia un informe para seguir defendendo a súa proposta. Cree que xuridicamente esta bastante máis cuberto do que o están vostedes. En ningún momento obviou o acordo daquel pleno, déuselle traslado a todos os órganos colexiados que estimaron o que estimaron á hora de realizar as convocatorias, nas vindeiras semanas veremos movementos en novas convocatorias do que vai a suceder en relación ao que foi ese pleno. Con respecto ao cumprimento do programa insiste en que quedan dous anos e veremos se este ano vai haber proposta do goberno para baixadas en ordenanzas fiscais e despois veremos quen se posiciona, e se esta ou deixa de estar de acordo. Vai haber esa proposta. O que non poden e pedirnos que aceptemos como válido un acordo que é nulo e completamente ilegal. Pode utilizar aquela palabra de que non acusa pero tamén avisa.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de oito votos a favor (6 grupo político UxO, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), cinco votos en contra (grupo político PP) e coas abstencións (2 grupo político BNG) sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Non suspender a execución do acordo plenario de 26 de maio de 2017, derivado da moción da concelleira non adscrita, Beatriz Martínez Candal, de modificación de ordenanzas fiscais para o exercicio 2018; instada en recurso de reposición interposto polos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular.



## CONCELLO DE ORDES

---

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

**PUNTO SEGUNDOO: RESOLUCIÓN DA SOLICITUDE DE SUSPENSIÓN CAUTELAR DA EXECUCIÓN DO ACORDO PLENARIO DE 26 DE MAIO DE 2017, DERIVADO DA MOCIÓN DOS CONCELLEIROS DO GRUPO MUNICIPAL DE UNIÓN POR ORDES (UXO), SOBRE A TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA DOS CONTRATOS MENORES; INSTADA EN RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLOS CONCELLEIROS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.**

Expediente de suspensión cautelar da execución do acordo plenario de 26 de maio de 2017, derivado da moción dos concelleiros do grupo municipal de Unión por Ordes (UxO), sobre a tramitación administrativa dos contratos menores; instada en recurso de reposición interposto polos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular.

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente.

Visto o disposto no art. 117 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político PP, que sinala que se ratifican no que se falou no pleno de 26 de maio de 2017 no que se tratou a moción que presentaron sobre medidas de mellora na transparencia na contratación menor do Concello de Ordes. Hai un informe, pero seguimos a ratificar o que dixeron aquel día. Entendemos que no informe de Secretaría hai unha confusión en canto á competencia para adxudicación dos contratos menores que residiría no órgano de contratación que é efectivamente o Alcalde ou a Xunta de Goberno Local, coa competencia para establecer os criterios normativos que rexen a tramitación dos contratos menores que se regula nas bases de execución do orzamento municipal cuxa aprobación, como é ben sabido, corresponde ao pleno da corporación segundo o establecido no Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Nada impide que nas bases de execución deses orzamentos se establezan uns criterios que amplien a concorrència e transparencia na contratación de contratos establecidos la lei de contratos do sector público. Na inmensa maioría das bases de execución dos orzamentos, que era o que plantexabamos ese día para a súa inclusión, se establecen eses criterios de mellora de libre concorrència e transparencia na contratación administrativa. Feitas esas consideracións que fixeramos xa no seu día, lembrar que estas propostas contidas na moción que presentamos nese día son as que rexen nas bases de execución nos orzamentos da Deputación Provincial da Coruña, entidade que non nos cabe ningunha dúbida que incluíu estes criterios na tramitación da contratación menor con pleno respecto á legalidade. Fixo lectura ao informe que leu no seu día. Seguen a ratificarse, pensan que non é unha ilegalidade, aínda que non sabe como interpretar as palabras que fixo referencia fai un momento de que haberá movementos durante estes días, a ver o que se vai a acordar. A eles os avala a lei, non teñen que ter aquí informes. Vostede trae aquí moitos informes xurídicos, failles caso a aqueles que lle fai caso. Insiste e reitera, no pleno de 1 de marzo vostede non lle fixo caso a un informe do Secretario, esta no seu dereito, como nos estamos agora a non facerlle ou a interpretalo de outra maneira. Hoxe en media hora escoitou o mesmo comentario que vostede fixo o cal a leva a pensar de posibles conversas ou de coaccións que o que vostedes acostuman a facer.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que como no punto anterior volvemos a mostrar o rexeitamento a esta forma de gobernar que colleu por norma o Sr. Alcalde. Este asunto foi debatido no pleno do día 26 de maio e vamos a ratificar o noso voto.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que expoñen novamente a súa intervención naquel pleno no que se aprobou este acordo. En novembro de 2015 fixeron unha proposta para a modificación dos procedementos de contratación no concello de Ordes, onde instábase ao Alcalde a abandonar o sistema de contratación baseado no procedemento negociado sen publicidade por razón da contía. Este é un procedemento co que leva abusando o concello de Ordes esta lexislatura e as anteriores. É un procedemento legal, pero entenden que é mellor o outro. O Alcalde pode chamar a dedo a tres empresas para que presenten ofertas para un determinado traballo e despois á mellor das ofertas a que leva o contrato. Entenden que o que se debería facer é que este tipo de contratos fosen por procedementos abertos ou por concursos públicos onde libremente calquera empresa interesada na realización do traballo ou xestionar o servizo puidera libremente presentar a súa oferta e ter igualdade de oportunidades de acceder a ese contrato. O propio PP o 15 de maio de 2015 no seu Facebook Populares de Ordes en plena campaña electoral anunciaba que querían un concello transparente, sen favoritismos, todas as adxudicacións se farán mediante concurso público. Co que nos atopamos e que se segue a abusar do procedemento negociado sen publicidade por razón da contía nesa selección a dedo de tres empresas, os concursos públicos unicamente se empregan cando o orzamento da obra supera o máximo que establece a lexislación ou ben cando así o determina a Deputación de A Coruña nas obras de plans provinciais. Deputación xestionada polo BNG xunto co PSOE. Os contratos menores débese cumprir o establecido na lexislación vixente sobre contratos do sector público. Entenden que se aplicamos outro tipo de procedemento o que imos a conseguir é a parálise do concello. Todo o que non sexa contrato menor si que entendemos que se debería contratar por procedemento aberto. Nos non imos a dicir na oposición unha cousa e logo facer no goberno todo o contrario, que é o que lles esta a pasar ao PP e UxO, que no goberno fan unha cousa e despois na oposición piden outra. No día de mañá se entramos a gobernar no 2019 cun proxecto novo e transformador o que faremos é aplicar esta filosofía que defendemos. Os contratos menores que cumpran a lei de contratos do sector público e todo o que non sexa contrato menor, salvo unha contratación de urxencia que requira un procedemento negociado, o resto farase a través de concursos públicos ou procedemento aberto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que para que non se lle enfade o que lle dixo é que con respecto a aquel acordo do 1 de marzo quedan algúns órganos colexiados sen ditaminar e que estiveron informándose ao respecto, por iso lle dixo que nas próximas semanas pode haber algún movemento con respecto a algún dos acordos que queda pendente. Non lle estou a falar para nada do que aquí a día de hoxe vimos a debater, que quede claro que era ao que eu facía referencia, vostede tomouno por outro lado. Simplemente acollerse ao informe. Solicitaron a suspensión deste acordo. No epígrafe IV do informe de data 14/07/17 sinálase: De acordo coa normativa anterior corresponde ao Alcalde, como titular da competencia en materia de contratación menor, e como órgano delegante a fixación de normas de tramitación dos expedientes de contrato menor, ou no seu caso á Xunta de Goberno Local, nunca ao pleno do concello que carece de competencias en materia de contratos menores. E no epígrafe V, Nulidade dos acordos ditados por órgano incompetente por razón da materia, sinálase que o art. 47, nulidade de pleno dereito, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, establece: “1. Os actos das Administracións Públicas son nulos de pleno dereito nos casos seguintes: b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio”. Tamén se sinala



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

que: Tendo en conta todo o sinalado anteriormente, procede que polo pleno do Concello se adopte o acordo seguinte: 1.- Suspender a execución do acordo do pleno do Concello, de data 26/05/2017, cuxa parte dispositiva di: “O Pleno da Corporación Local, en exercicio das competencias que lle confire a lexislación en réxime local, establece que os contratos menores de obras por contía superior a 3.000 euros e de servizos e subministro por contía superior a 1.000 euros, deberá conter, como mínimo, a tramitación administrativa que se sinala no texto da moción”. Isto xa é motivo suficiente para que non continuase adiante a moción que vostedes trouxeron aquí ese día, pero para maior abundamento tamén quero facer constar o que din os técnicos da Deputación Provincial con respecto a esta segunda parte o Informe da Deputación Provincial de A Coruña, sinala: “2.2.- Respecto a la posibilidad de que, sometida una cuestión al Pleno pro vía de "moción", éste adopte acuerdos sobre materias que no son de su competencia. Compartimos íntegramente el contenido del informe emitido por la Secretaría municipal. De los arts. 23, 111 y 138 del Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público -TRLCSP-, se deduce que son "contratos menores" los que reúnen las siguientes características: No tienen una duración superior a un año. Son de importe inferior a 50.000 euros cuando se trate de contratos de obras, o a 18.000 euros, cuando se trate de otros contratos. En cuanto a la tramitación, en el expediente solo es necesario que se incorpore la aprobación del gasto, la factura correspondiente y el presupuesto de las obras en el contrato de esta naturaleza, pudiendo adjudicarse directamente. La Disposición Adicional 2ª TRLCSP, establece la distribución competencial entre el Alcalde y el Pleno en materia de contratación, atribuyendo a aquél "las competencias como órgano de contratación respecto de los contratos de obras, de suministro, de servicios, de gestión de servicios públicos, los contratos administrativos especiales, y los contratos privados cuando su importe no supere el 10 por 100 de los recursos ordinarios del presupuesto ni, en cualquier caso, la cuantía de seis millones de euros, incluídos los de carácter plurianual cuando su duración no sea superior a cuatro años, siempre que el importe acumulado de todas sus anualidades no supere ni el porcentaje indicado, referido a los recursos ordinarios del presupuesto del primer ejercicio, ni la cuantía señalada”. Atendiendo a la cuantía máxima de los contratos menores, resulta evidente que siempre serán inferiores al 10% de los recursos ordinarios del Presupuesto por lo que, en consecuencia, en estos contratos, teniendo en cuenta que su utilización es potestativa, sólo el Alcalde puede auto-imponerse trámites añadidos a los establecidos por el legislador, no pudiendo el Pleno, por resultar ajeno a su ámbito competencial, intervenir o tomar decisiones que afecten a este tipo de contratos. Consecuentemente con lo expuesto, no se podrán someter a consideración del Pleno, mediante "moción", cuestiones relativas a materias que no son de competencia plenaria. En mérito a lo anteriormente expuesto, en relación con la consulta formulada, a la vista de la documentación que fue dicha, salvo mejor criterio, considerando lo anterior, se llega a las siguientes, Conclusiones: (...) Segunda.- No se pueden someter a consideración del Pleno, mediante "moción", cuestiones relativas a materias que no son de competencia plenaria”.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político PP, que sinala que non vai a entrar a discutir con vostede o contido dunha moción, xa se discutiu no seu día. Van a ratificarse no exposto. Efectivamente vostede durante a campaña e cando nos estabamos gobernando foi un dos grandes críticos ao dicir que nos abusabamos do contrato menor, que cando vostede chegase faría todo por concurso público. Esta é unha moción sobre unhas medidas de mellora da



## **CONCELLO DE ORDES**

---

### **(A CORUÑA)**

**FOLLA Nº 14**

transparencia, non poñemos en dúbida que vostede poida facer unha determinada contratación en determinados aspectos segundo lle conveña non obstante. Nos trouxemos aquí unha moción o 26 de maio de medidas de mellora da transparencia. Nos ratificamos na exposición de motivos que fixemos, ratificámonos todos nos no contido da mesma e ratificámonos no acordo que plantexabamos aquel día por que entendemos que non cometemos ningunha ilegalidade ao plantexalo. Entendemos que o pleno é o órgano competente para asuntos tan importantes como este e outros que se debateron. Entendemos que xuridicamente estamos avalados igual que o esta vostede.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que van a ratificar o seu voto en concordancia co acordo plenario de 26 de maio.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que en base ao exposto na anterior intervención e por coherencia o que van a facer é absterse.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o voto do seu grupo vai a ser en contra.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de oito votos a favor (6 grupo político UxO, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), cinco votos en contra (grupo político PP) e coas abstencións (2 grupo político BNG) sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Non suspender a execución do acordo plenario de 26 de maio de 2017, derivado da moción dos concelleiros do grupo municipal de Unión por Ordes (UxO), sobre a tramitación administrativa dos contratos menores; instada en recurso de reposición interposto polos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás quince horas e dez minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**